

Memoria 2021

ÍNDICE	Pág.
1. Xunta Directiva.....	3
2. A nosa tarefa, noso punto de vista, nosos criterios e o noso proxecto.....	3
3. Equipo de traballo.....	6
4. Área de Información.....	7
5. Área de Atención Psicolóxica e social ás Familias.....	7
5.1. Intervencións.....	8
5.2. Perfil das persoas atendidas.....	8
6. Área Preventiva.....	11
6.1. Ámbito Familiar	11
6.2. Ámbito Escolar.....	12
6.2.1 Educación Primaria.....	12
6.2.2 Educación Secundaria e Ciclos Formativos.....	15
6.3. Ámbito xuvenil.....	24
7. Área de Xestión de Conflitos.....	25
7.1. Ámbito Familiar.....	26
7.2. Ámbito Escolar.....	26
7.2.1. Habilidades para a súa xestión	26
7.2.2. Sensibilización e información	28
7.2.3. Xestión e mediación.....	28
8. Gráficos	29
9. Área de Formación e Investigación.....	32
10. Área de Relacións Externas	33
11. Colaboracións	34

1. XUNTA DIRECTIVA

Presidenta:

Miriam Pérez Fernández

Tesoureira:

Dolores Fernández Gómez

Secretario:

Faustino Fernández Gómez

Vogais:

Julio Fresco Martínez

María Luz Ugarte Fernández

Non se devengou ningunha cantidade en concepto de dietas ou remuneracións de calquera clase durante o ano 2021 aos membros do órgano de goberno da entidade. A 31 de Decembro de 2021 a asociación conta con 5 membros da Xunta Directiva e 40 colaboradores.

2. A NOSA TAREFA, NOSO PUNTO DE VISTA, NOSOS CRITERIOS E O NOSO PROXECTO

La Asociación Emilia Gómez ADAFAD, entidad sen ánimo de lucro, non confesional e independente de toda filiación política. O seu financiamento é mixto, contando con aportacións privadas así como ca colaboración de numerosos organismos públicos. Foi declarada de Utilidade pública por Orden del Ministerio del Interior o 4 de Abril de 2006, Orden INT/1395/2006, de 4 de Abril, BOE nº 112 de 11 de Maio de 2006.

ADAFAD, está incluída no Rexistro de Centros, Servizos y Establecementos Sanitarios de Galicia, así como no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e no Rexistro de Entidades colaboradoras do Plan de Trastornos Aditivos da Xunta de Galicia.

ADAFAD, nace na primavera de 1996 dunha experiencia persoal, pola que se puido comprobar a utilidade e a necesidade de contar ca colaboración de profesionais no abordaxe e tratamento de certos problemas que cada vez xorden con máis frecuencia no seo das familias.

Algúns conflitos que aparecen nas familias sobrepasan o coñecemento e o afecto, xerando un

excesivo malestar, e a miúdo, xorden actitudes e comportamentos motivados pola angustia e a desinformación que contribúen, a pesar das boas intencións, a manter e incluso a incrementar o conflito, levando máis angustia e sufrimento.

NOSA TAREFA

O propósito da Asociación ADAFAD é axudar as familias que se atopen en situación de conflito, sumando esforzos con outras institucións, entidades e servizos tanto públicos como privados.

O traballo cas familias pronto nos mostrou a conveniencia de orientar tamén a nosa tarefa ao ámbito da prevención. De este modo no ano 1998 a Asociación ADAFAD amplía o seu labor, e comeza a traballar con xuventude, pais, nais e comunidade.

A nosa principal prioridade é atender a cada persoa, a cada familia, a cada situación tomando en conta a súa particularidade.

NOSO PUNTO DE VISTA

A familia evoluciona dependendo do momento histórico, cultural e social que lle toca vivir e representa a primeira realidade que o ser humano coñece sendo a primeira e principal transmisora de valores.

Os conflitos forman parte ineludible das relacións humanas e están presentes en maior ou menor medida en tódolos ámbitos, afectando á vida das persoas; na familia, na escola e a comunidade en xeral. Os conflitos poden ser unha oportunidade ou un risco. A miúdo, a diversidade de valores, crenzas e culturas do ser humano xeran conflitos que poden contribuír ao desenvolvemento tanto persoal como social si se utilizan as habilidades e recursos adecuados.

A Asociación ADAFAD ten unha estrutura áxil e moi profesionalizada na que se valoran a formación continua, a iniciativa e as aportacións de cada un dos membros do equipo, sempre dispostos a cuestionarse a forma de pensar e de actuar para responder mellor ás necesidades de persoas e familias.

O método de traballo fundaméntase na atención á particularidade subxectiva, ao caso concreto, entendendo que é neste ámbito onde a Asociación pode xerar solucións.

A Asociación e cada un dos profesionais que a integran están atentos á complexidade, aos continuos cambios da sociedade e aos avances en tódalas disciplinas implicadas no noso ámbito de traballo. De este modo a calidade e a mellora continua da Asociación é un compromiso de tódolos seus membros.

A Asociación ADAFAD e cada unha das persoas que a integran manteñen continuo contacto e cooperación con outras entidades e axentes sociais como instrumento de participación cidadá. Así mesmo tamén favorécese e vehicúlase a implicación daquelas persoas que foron atendidas na Asociación e poden transmitir a outros a súa experiencia.

NOSOS CRITERIOS

Os principais valores que sosteñen o traballo do Equipo de profesionais de ADAFAD son os seguintes:

- Atención á particularidade subxectiva dos usuarios: O traballo que se realiza na Asociación respecta, e ten como obxecto da intervención, en cada persoa e en cada familia, o máis propio e particular implicado no conflito que sofren.
- Gratuidade la atención a familias e mozos e mozas: este traballo de atención a familias e mozos e mozas que os profesionais de ADAFAD levan a cabo non está supeditado a que aqueles paguen cantidade algunha polos servizos prestados.
- Segredo profesional: os profesionais que traballan na Asociación cumpren escrupulosamente os códigos deontolóxicos das respectivas profesións e moi especialmente o deber de secreto profesional.
- Especialidade e experiencia: todo o traballo que ADAFAD desenvolve con familias e mozos e mozas é realizado por profesionais debidamente titulados, cas especialidades que corresponden, e cunha dilatada traxectoria profesional.
- Formación continua: tódolos profesionais que integran o equipo de traballo de ADAFAD manteñen o compromiso de permanecer atentos aos cambios da realidade social e actualizar permanentemente os seus coñecementos científicos.
- Interdisciplinaria e traballo en equipo: os profesionais do equipo de traballo cooperan mutuamente, e tamén con outras organizacións e servizos da comunidade. Así mesmo atendese gratuitamente tódalas demandas de consello e interconsulta que se nos solicitan.
- Equidade: a Asociación e tódolos seus membros consideran imprescindible que toda

actuación se leve a cabo sen ningún tipo de discriminación respectando a Declaración Universal de Derechos Humanos proclamada pola Asamblea General da ONU. Si algunha das necesidades non pode ser atendida polos profesionais que en ela traballan búscase o servizo máis adecuado no entorno máis próximo para proceder a súa derivación.

- Eficiencia: a Asociación e os membros do equipo de traballo moi especialmente, están comprometidos activamente ca distribución racional dos recursos.

NOSO PROXECTO

O proxecto de ADAFAD é colaborar cas familias e para iso desenvolve a súa actuación nas seguintes áreas:

- Información
- Atención psicolóxica e social ás familias
- Prevención
- Investigación e formación

3. EQUIPO DE TRABALLO

Presidenta

Miriam Pérez Fernández

Equipo Técnico:

Directora

M^a José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria.

Área de Atención psicosocial a Familias

Julia M^a García Rodríguez. Traballadora social. Coordinadora.

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria.

M^a José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria.

Área de Formación e Desenvolvemento

Alicia Arce González. Psicoanalista, Psicóloga especialista en Psicoloxía Clínica.

Coordinadora.

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria.

Carmen Fernández Barro. Pedagoga

Julia M^a García Rodríguez. Traballadora Social.

M^a José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria.

Área de Prevención

Montserrat Cerviño Coteló. Psicóloga Sanitaria. Coordinadora

Cristina Babío Boquete. Pedagoga

Jorge Boga Martínez. Pedagogo

Carmen Fernández Barro. Pedagoga

M^a José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria

Patricia López Mouriz. Psicóloga Sanitaria

Nuria Ríos Garrán. Psicóloga Sanitaria

María Sotelo Pazos. Educadora Social

Pilar Vázquez Iglesias. Psicóloga Sanitaria

Área de Secretaría Técnica e Administración

M^a José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria. Coordinadora.

Montserrat Cerviño Coteló. Psicóloga Sanitaria.

Carmen Fernández Barro. Pedagoga.

4. ÁREA DE INFORMACIÓN

Dirixida a todas aquelas persoas que soliciten información. Transmítense coñecementos sobre aspectos relacionados ca Educación para a Saúde, o consumo de substancias e outros comportamentos prexudiciais, como o mal uso de internet e as novas tecnoloxías, a violencia de control así como a solución de conflitos que pode resultar necesario e útil coñecer.

Especificamente tamén se aborda:

- O desenvolvemento de hábitos de vida saudables e factores de protección.
- A prevención e identificación no ámbito familiar de posibles condutas de risco.
- As transformacións que os hábitos de vida pouco saudables producen na personalidade e na conduta das persoas.
- Os pasos necesarios a seguir para que unha persoa con problemas de consumo de substancias chegue a solicitar tratamento.
- Os recursos públicos onde acudir.

5. ÁREA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA E SOCIAL ÁS FAMILIAS

A continuación recóllense as accións realizadas no área de atención a familias:

5.1. INTERVENCIÓNS

As intervencións diríxense a os membros da familia prestándolles atención tanto de forma individual como grupal. Trabállanse, entre outras, as cuestións seguintes:

- O malestar xerado por un conflito dentro da familia.
- A angustia persoal dos membros da familia.
- As actitudes e comportamentos dos familiares co fin de identificar os adecuados.
- O manexo dos momentos conflictivos.
- O consumo de drogas.
- O uso prexudicial e abusivo de internet e as novas tecnoloxías.
- A violencia de control.

O número total de *familias* atendidas dende o inicio das actividades de ADAFAD en xuño do ano 1996, ata o 31 de decembro de 2021 é de 2.544, cun número total de intervencións de familias (entre as individuais, familiares e as de grupo) de 21.177

No 2021 atendéronse un total de 241 familias, 94 delas acudiron por primeira vez en este ano, 147 xa comezaran en anos anteriores. Realizáronse un total de 1.180 citas de familias, sendo 210 de carácter familiar e 970 de carácter individual.

As familias son remitidas á Asociación desde diferentes entidades sanitarias e sociais, tanto públicas como privadas: Servicios Sociais, Centros de saúde, Unidades Asistenciais de Drogodependencias, Centros escolares, Concellos, entre outros, así como por outras persoas atendidas.

A actividade asistencial no 2021 desenvolveuse maioritariamente con familias do Concello da Coruña e da súa área metropolitana (Abegondo, Arteixo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada); aínda que tamén se atenderon familias procedentes de municipios máis alonxados, como Boiro, Laracha, Muros, Santiago de Compostela,...

5.2. PERFIL DAS PERSOAS ATENDIDAS

O perfil das persoas atendidas no Programa de Atención a Familias é o seguinte:

- **Número:** Atenderonse un total de 129 persoas, Cifra Máxima da serie dende 2007, cerca de duplicar a de dito ano, 75. estas 129 persoas correspóndense con 101 familias atendidas,

segunda cifra máis alta da serie. No 26,7% das devanditas familias acudiu a consulta máis dun membro, xeralmente 2, salvo nun caso no que acudiron 3. O 56,5% do total de persoas atendidas recibiron atención individual, fronte ao 43,3% que foi familiar.

- **Sexo:** Case tres de cada catro persoas que acoden son mulleres, proporción que se mantivo bastante estable desde o inicio da serie en 2007. É de sinalar que, con todo, esta razón home:muller de 1:2,4 invístese no caso do sexo da persoa pola que se acode 1,3:1. É dicir acoden a consulta máis mulleres que homes e fano debido aos problemas que presentan os homes. Ambas as tendencias mantéñense estables interanualmente, aínda que parece que vai equilibrándose co paso do tempo.
- **Idade:** a media de idade das persoas atendidas sitúase en 49,4 anos (dt=14,4; mediana=51). Considerando a serie histórica (2007-2021) obsérvase unha tendencia claramente cara ao envellecemento da poboación atendida.
- **Estado Civil:** o 53,5% están casadas, observándose a tendencia interanual desde 2007 a diminuír a súa proporción e aumentar a de divorciadas e solteiras. As persoas casadas han pasado do 69,3% ao mencionado 53,3% no devandito período, mentres as divorciadas aumentaron desde os 5,3% ao 12,4% e as solteiras desde o 6,7% ao 25,6%; con todo a tendencia de separadas é a inversa, diminúe.
- **Nivel de estudos:** ESO (20,2%), universitarios superiores (17,8%), FP superior (15,5%) Bacharelato (14%), e estudos universitarios medios (12,4%) son os niveis máis frecuentes. A tendencia interanual apunta a un paulatino incremento no nivel formativo, especialmente en estudos universitarios superiores e medios.
- **Profesión:** ao longo dos últimos anos viñase observando un incremento na porcentaxe de parados con traballo anterior entre 2007 (5,2%) e 2012 (11,2%) e unha diminución posterior en 2013 (10,7%), 2014 (8,9%), 2015 (7,3%) e 2017 (8,9%), con todo en 2016 ascendeu de novo ao 10,9% e en 2018 alcanzou o 11,5%, a cifra máis alta de toda a serie; en 2019 descendeu ao 6,6%, mentres que en 2020 creceu ata o 7,8% e no 2021 quedou no 7%. Unha tendencia ascendente obsérvase na cifra de xubilados, que en 2021 alcanza a cifra do 17,1%. Os traballadores do sector servizos presentan neste último ano a cifra máis alta (38,8%), seguidos a distancia polos autónomos (8,5%) e persoas funcionarios (5,4%) . É de sinalar que a proporción de amas de casa mostra unha clara tendencia, continuada e progresiva, a

diminuír, pasando do 16% en 2007 ao 2,6% en 2020, aínda que en 2021 repuntó a 5,4%. . Unha tendencia similar obsérvase nos funcionarios, aínda que neste caso a cifra deste último ano é a máis baixa de toda a serie.

- **Medio de convivencia:** Preto de nove de cada dez persoas atendidas viven só con familiares, fundamentalmente fillos e parella, por esta orde; en ambos os casos obsérvase ao longo da serie histórica unha tendencia descendente, especialmente no caso de convivir coa parella e unha lixeira tendencia ascendente a vivir coa nai e só. A persoa pola que se acode a consulta é maioritariamente polos/ as fillos/ as (60,5%) e en segundo lugar, a moita distancia, pola parella (11,6%); esta situación mantense estable ao longo dos anos. Tamén se observa unha certa tendencia a incrementar a cifra de irmáns.
- **Motivo principal da demanda:** o 49,6% acoden por un problema relacionado co consumo de drogas, fundamentalmente cánnabis (20,9%), cocaína (17,1%) e alcol (9,3%). A heroína foi decrecendo constantemente entre 2007 e 2014, en 2015 volveu ascender, retornando á liña descendente en 2016 e 2017 para de novo ascender lixeiramente no 2018 e continuar a tendencia descendente no 2019 e 2020, presentando a cifra máis baixa de toda a serie (1,6%) no 2021. Nos últimos nove anos o alcol vén ocupando o terceiro lugar que viña ostentando aquela. O 36,4% acoden por problemas de convivencia, sobre todo debido a déficits de relación (15,5%) e conflitos relacionados coas normas (1%), mentres a violencia física (3,9%) sitúase en posicións máis discretas; non obstante a violencia tanto verbal como física parece estar a aumentar, alcanzando en 2021 o 3,1% e 6,4%, respectivamente, de todos os motivos de consulta. En toda a serie os conflitos relacionados coas normas e debidos a déficits de atención son os máis prevalecentes. Ademais sinalar que, ao longo da serie, os motivos relacionados coa convivencia mostran unha tendencia alcista mentres os relacionados co consumo de drogas describen unha baixista.
- **Motivos secundarios da demanda:** os problemas de convivencia son os máis frecuentes, chegando ao 58,1% no 2021 seguidos dos problemas derivados dos consumos de drogas que alcanza a cifra de 20,2%. Na serie histórica (2007-2021) obsérvase unha tendencia cara ao incremento no primeiro caso e cara ao decremento no segundo, similar á tendencia que exhibe o motivo principal da demanda. aínda que nos últimos catro anos as drogas incrementáronse como motivo de consulta secundario.
- **Idade da persoa pola que se acode:** a idade media da persoa que motiva a consulta sitúase nos 32,7 anos (dt=17,1; mediana=29) en 2021. Na serie histórica a media mantívose entre os

24 anos e medio e os 27 e medio, sendo os 32,7 anos sinalados a cifra máis elevada de toda a serie; obsérvase que só o 25% das persoas que motivan a demanda teñen 45 ou máis anos e outro 25% teñen 17 ou menos, habendo só seis casos de 63 e máis anos. En definitiva parece que pode falarse dunha tendencia para incrementarse a idade da persoa pola que se acode a consulta.

- **Consultas anteriores:** a maior parte das familias atendidas (56,6%) nunca consultaran anteriormente con outros servizos polo mesmo motivo da demanda; unha proporción menor (27,9%) xa o facían noutro servizo nunha ocasión (en dúas ocasións 9,3%, en tres, 5,4% e en catro o máis 1,8%). Esta situación mantense estable desde 2007, podendo observarse unha tendencia para incrementarse os primeiros casos, diminuíndo os segundos.
- **Días de espera para ser atendido:** a media observada son 10,6 días naturais (dt=6,8; mediana=9, moda=6). Ao longo da serie histórica estes parámetros reducíronse de forma evidente (desde os 13,8 de 2007), o que demostra unha maior eficiencia na xestión da atención que ADAFAD prové ás familias. Ademais hai que ter en conta que 2021 foi un ano complicado para dar citas e consultar, debido á situación pandémica derivada da infección polo virus SARS- CoV-2 e a enfermidade Covid-19 causada por el.

6. ÁREA PREVENTIVA

A continuación recóllense os programas que se desenvolven neste ano según o ámbito de actuación e nos que se promove unha perspectiva de xénero que favorece a igualdade e equidade.

6.1. ÁMBITO FAMILIAR.

6.1.1. Xornadas de sensibilización

Esta labor desenvólvese co obxectivo de colaborar cas familias, sensibilizando e informando da importancia do seu papel no desenvolvemento dos seus fillos e fillas, así como da súa función de prevención do consumo de drogas e outros comportamentos de risco.

Relación de actividades de prevención universal desenvolvidas no ano 2021

Concello da Coruña

“Os menores e a rede”

CEIP Rosalía de Castro. Ampa Aturuxo

Participan 10 persoas: 2 homes e 8 mulleres

Neste programa participan 10 persoas: 2 homes e 8 mulleres ao longo do ano 2021

“Non é o mesmo ensinar que dar leccións”

IES Eusebio da Garda. Ampa Riazor

Participan 22 persoas: 3 homes e 19 mulleres

Neste programa participan 22 persoas: 3 homes e 19 mulleres ao longo do ano 2021

Concello de Aranga

“Os menores e a rede”

CEIP Rosalía de Castro. Ampa Aturuxo

Participan 11 persoas: 1 home e 10 mulleres

Neste programa participan 11 persoas: 1 home e 10 mulleres ao longo do ano 2021

Concello de Cambre

“Mediación e resolución de conflitos”

Casa da cultura, Vila Concepción”

Participa unha persoa: 1 muller

Neste programa participan 1 persoa: 1 muller ao longo do ano 2021

“Prevención do fracaso escolar”

Casa da cultura, Vila Concepción”

Participan 3 persoas: 3 mulleres

Neste programa participan 3 persoas: 3 mulleres ao longo do ano 2021

En total, nas Xornadas de sensibilización universal participaron 47 persoas; 6 homes e 41 mulleres ao longo do ano 2021

6.2 ÁMBITO ESCOLAR

6.2.1 Educación Primaria

6.2.1.1 “A mellor estratexia do xogo”

Este programa trabállase nunha sesión de noventa minutos de duración dirixida por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 5º e 6º curso de Educación Primaria co obxectivo de promover no alumnado de EP a toma de conciencia sobre as vantaxes e riscos asociados a internet e videoxogos.

Os contidos que se traballan son:

- Que sabemos da nube de internet? Vantaxes e desvantaxes
- Xogar e xogar: tempos
- Videoxogos: Que é o que ves? Que é o que non ves? Avatares ocultos e outros
- Algunhas das mellores estratexias

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello da Coruña

CEIP Anxo da Garda

Participan 23 persoas: 12 alumnos e 11 alumnas de 5º EP

Participan 29 persoas: 13 alumnos e 16 alumnas de 6º EP

Participan 52 persoas: 25 alumnos e 27 alumnas de 5º e 6º EP

CEIP Alborada

Participan 49 persoas: 31 alumnos e 28 alumnas de 5º EP

Participan 75 persoas: 39 alumnos e 36 alumnas de 6º EP

Participan 134 persoas: 70 alumnos e 64 alumnas de 5º e 6º EP

CEIP Sal Lence

Participan 37 persoas: 19 alumnos e 18 alumnas de 5º EP

Participan 29 persoas: 13 alumnos e 16 alumnas de 6º EP

Participan 66 persoas: 32 alumnos e 34 alumnas de 5º e 6º EP

CEIP Zalaeta

Participan 23 persoas: 8 alumnos e 15 alumnas de 5º EP

Colexio Cid

Participan 16 persoas: 8 alumnos e 8 alumnas de 6º EP

Colexio Esclavas do Sagrado Corazón de Jesús

Participan 51 persoas: 23 alumnos e 28 alumnas de 5º EP

Participan 51 persoas: 26 alumnos e 25 alumnas de 6º EP

Participan 102 persoas: 49 alumnos e 52 alumnas de 5º e 6º EP

Concello de Aranga

CEIP da Castellana

Participan 10 persoas: 7 alumnos e 3 alumnas

O número de alumnado que participou neste programa foi de 403 persoas; 199 alumnos e 204 alumnas ao longo do ano 2021

6.2.1.2 “Iso xa non é unha broma”. Prevención do acoso escolar

Este programa trabállase en tres sesións de cincuenta minutos de duración cada unha dirixida por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 5º e 6º curso de Educación Primaria co obxectivo de potenciar as habilidades persoais e o traballo cooperativo para unha convivencia saudable desde o respecto ás diferenzas previndo unha situación de acoso escolar.

Os contidos que se traballan son:

Modulo I: Que é? Que pasa?

- O grupo e eu: nas redes e fora delas
- Que fago? Que fan os/as outros/as?: O respecto ás diferenzas

Módulo II: A mediación entre iguais

- Como o fago?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021:

Concello da Coruña

CEIP Alborada

Participan 77 persoas: 41 alumnos e 36 alumnas de 6º EP

CEIP Sal Lence

Participan 40 persoas: 20 alumnos e 20 alumnas de 6º EP

CEIP Zalaeta

Participan 23 persoas: 8 alumnos e 15 alumnas de 5º EP

Participan 25 persoas: 10 alumnos e 15 alumnas de 6º EP

Participan 48 persoas: 18 alumnos e 30 alumnas de 5º e 6º EP

CPR Compañía de María

Participan 80 persoas: 41 alumnos e 39 alumnas de 6º EP

Colexio Esclavas do Sagrado Corazón de Jesús

Participan 52 persoas: 26 alumnos e 26 alumnas de 6º EP

El número de alumnado que participou en este programa foi de 297 persoas ; 146 alumnos e 151 alumnas ao longo do ano 2021

• **6.1.2.3 “O imperio da nube e o avatar oculto”**

Este programa trabállase nunha sesión de noventa minutos de duración dirixida por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 5º e 6º curso de Educación Primaria co obxectivo de promover no alumnado a toma de conciencia sobre as vantaxes e riscos asociados a internet.

Os contidos que se traballan son:

- Que sabemos da nube?
- Que é o que vemos e non vemos?. Avatar oculto.
- Convivencia na nube

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello da Coruña

CEIP Alborada

Participan 62 persoas: 33 alumnos e 29 alumnas de 5º E P

CEIP Cidade Vella

Participan 23 persoas: 13 alumnos e 10 alumnas de 5º EP

CEIP Sagrada Familia

Participan 74 persoas: 41 alumnos e 33 alumnas de 5º EP

CEIP Sal Lence

Participan 27 persoas: 12 alumnos e 15 alumnas de 5º EP

CEIP Wenceslao Fernández Flórez

Participan 48 persoas: 25 alumnos e 23 alumnas de 5º EP

CEIP José Cornide Saavedra

Participan 17 persoas: 9 alumnos e 8 alumnas de 5º EP

Colexio Esclavas do Sagrado Corazón de Jesús

Participan 51 persoas: 24 alumnos e 27 alumnas de 5º EP

Colexio Plurilingüe Compañía de María

Participan 77 persoas: 41 alumnos e 36 alumnas de 5ºEP

O número de alumnado que participou neste programa foi de 379; 198 alumnos e 181 alumnas ao longo do ano 2021

6.2.2. Educación Secundaria Obrigatoria e Ciclos Formativos

6.2.2.1 “A rede e as súas redes ”

Neste programa trabállase ao longo de tres sesións de cincuenta minutos de duración cada unha e de

periodicidade semanal dirixidas por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 1º e 2º curso de Educación Secundaria Obrigatorio co obxectivo de promover a toma de conciencia por parte do alumnado dos riscos asociados ao uso da internet.

Os contidos que se traballan son:

- Que sabemos da rede de redes?
- Que fan as redes sociais cos nosos datos?
- Lei e responsabilidade na internet: Que significa ser menor de idade?
- Uso adecuado, uso responsable
- A quen crees máis a “Google” ou aos teus pais?
- Comezou como unha broma...
 - Cando me teño que preocupar?
 - A quen llo digo?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello da Coruña

CIFP Paseo das Pontes

Participan 10 persoas: 6 alumnos e 4 alumnas de 1º FPB G1-Aloxamento

CPR Plurilingüe Calasancias

Participan 55 persoas: 34 alumnos e 21 alumnas de 1º ESO

CPR Plurilingüe Compañía de María

Participan 88 persoas: 46 alumnos e 42 alumnas de 1º ESO

CPR Plurilingüe Salesianos San Juan Bosco

Participan 54 persoas: 24 alumnos e 30 alumnas de 1º ESO

IES Adormideras

Participan 54 persoas: 24 alumnos e 30 alumnas de 1º ESO

IES Agra do Orzán

Participan 178 persoas: 82 alumnos e 96 alumnas de 1º ESO

IES Elviña

Participan 123 persoas: 70 alumnos e 53 alumnas de 1º ESO

IES Eusebio da Garda

Participan 234 persoas: 113 alumnos e 121 alumnas de 1º ESO

IES Fernando Wirtz

Participan 54 persoas: 30 alumnos e 24 alumnas de 1º ESO

IES Monelos

Participan 58 persoas: 31 alumnos e 27 alumnas de 1ºESO

IES Monte das Moas

Participan 109 persoas: 55 alumnos e 54 alumnas de 1º ESO

IES Rafael Dieste

Participan 111 persoas: 61 alumnos e 50 alumnas de 1ºESO

IES Ramón Menéndez Pidal-Zalaeta

Participan 206 persoas: 110 alumnos e 96 alumnas de 1ºESO

IES Sardiñeira

Participan 74 persoas: 35 alumnos e 39 alumnas de 1ºESO

O número de alumnado que participou neste programa foi de 1.408 persoas; 721 alumnos e 687 alumnas ao longo do ano 2021

6.2.2.2“¿ Así? Nos non bromeamos”. Prevención de acoso e ciberacoso

Este programa traballase ao longo de catro sesións de cincuenta minutos de duración cada unha e de periodicidad semanal dirixidas por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 1º e 2º curso de Educación Secundaria có obxectivo de evitar o inicio eo mantemento da violencia e o acoso/ciberacoso escolar, favorecendo e desenvolvendo actitudes e valores favorecedores da convivencia e a saúde, fortalecendo o rol dos “observadores/as” como promotores da convivencia.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Eu e os outros/as. Qué é? Qué pasa?

Módulo II: Comenzou como unha broma... Acoso e Ciberacoso

Módulo III: Qué fas? e agora...qué vas a facer? Observadores/as e outros/as

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello de Cambre

IES David Buján

Participan 68 persoas: 35 alumnos e 33 alumnas de 2º ESO

Concello de Culleredo

IES Eduardo Blanco Amor

Participan 135 persoas: 71 alumnos e 64 alumnas de 1º ESO

Participan 168 persoas: 95 alumnos e 73 alumnas de 2º ESO

Participan 303 persoas: 166 alumnos e 137 alumnas de 1º e 2º ESO

O número de alumnado que participou neste programa foi de 371 persoas ; 201 alumnos e 170 alumnas ao longo do ano 2021

6.2.2.3“ A vida secreta das miradas”

Neste programa traballase ao longo de cinco sesións de cincuenta minutos de duración cada unha delas e dirixidas por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 2º curso de ESO co obxectivo de reforzar no alumnado as súas habilidades e actitude crítica para que actúen como factores de protección fronte a situacións de risco.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Unha mirada ... unha palabra

- As emocións das palabras
- Afagos e críticas: dar e recibir

Módulo II: As relacións cos outros e outras... " on line - off line”

- Decido: como o fago?
- Un primeiro paso e os seguintes ata o final

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello de Oleiros

IES Miraflores

Participan 81 persoas: 49 alumnos e 32 alumnas de 2ºESO

O número de alumnado que participou neste programa foi de 81; 49 alumnos e 32 alumnas ao longo do ano 2021

6.2.2.4 “Con-tacto con palabras”

En este programa se trabaja a lo largo de cuatro sesiones de cincuenta minutos de duración cada una y de periodicidad semanal dirigidas por un mediador o una mediadora con el alumnado que cursa 4º curso de ESO y 1º de Bachillerato, con el objetivo de que el alumnado elabore el impacto del torbellino de vivencias y experiencias, pensamientos y emociones de los últimos meses por la Covid-19 e incorpore un nuevo habitat emocional humanizado con la “nueva normalidad” y sus futuros posibles.

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello da Coruña

IES Eusebio da Guarda

Participan 175 persoas: 95 alumnos e 80 alumnas de 4º ESO

Participan 101 persoas: 44 alumnos e 57 alumnas de 1º Bachillerato

Participan 276 persoas: 139 alumnos e 137 alumnas de 4º ESO e 1º Bachillerato

IES Ramón Menéndez Pidal, Zalaeta

Participan 89 persoas: 41 alumnos e 48 alumnas de 4º ESO

O número de alumnado que participou neste programa foi de 365 personas; 180 alumnos e 185 alumnas ao longo do ano 2021

6.2.2.5 “Destrezas fronte ás drogas”

Neste programa trabállase ao longo de cinco sesións de cincuenta minutos de duración cada unha e de periodicidade semanal dirixidas por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 1º curso de Educación Secundaria co obxectivo de fortalecer no alumnado as súas habilidades de comunicación que actúen como factores de protección fronte ao consumo de drogas e favorecer a autonomía persoal, desenvolvendo competencias para a toma de decisión autónomas e saudables.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Como me vexo? Como me ven?: Relacións

Módulo II: O bo rolo e o mal rolo

- Saber falar- saber escoitar: mirada, escoita activa, estilos de comunicación...
- Manexar tensións
- E ti, que propós?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello de Oleiros

IES Miraflores

Participan 106 Persoas: 64 alumnos e 42 alumnas de 1º ESO

O número de alumnado que participou neste programa foi de 106 persoas; 64 alumnos e 42 alumnas ao longo do ano 2021

6.2.2.6 “E tí, que decides?”

Neste programa trabállase ao longo de catro sesións de cincuenta minutos de duración cada unha e dirixidas por un mediador/a con o alumnado que cursa 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria co obxectivo de reforzar no alumnado as súas habilidades e competencias para favorecer unhas relacións saudables cun pensar e unha actitude crítica fronte ao consumo de drogas.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: As relacións...

- Coñecéndonos a nós mesmos e aos/as outros/as
- Espazos, tempos, as amizades e o grupo: necesitas “muletas”?
- Publicidade, na rede e fóra dela

Módulo II: Dificultades e estratexias

- Temos a información e agora, que?
- A importancia das palabras...tamén “en Liña”
 - Como digo “non

Concello de Oleiros

IES Miraflores

Participan 87 persoas: 55 alumnos e 32 alumnas de 4ºESO

IES Neira Vilas

Participan 51 persoas: 26 alumnos e 25 alumnas de 4º ESO

O número de alumnado que participou neste programa foi de 138 persoas; 81 alumnos e 57 alumnas ao longo do ano 2021

6.2.2.7 “Fora de xogo”. Prevención no uso perxudicial de videoxogos e xogo online

Neste programa trabállase (en liña) ao longo de dúas sesións de cincuenta minutos de duración cada unha e dirixidas por un mediador/a con o alumnado que cursa 1º curso de Educación Secundaria Obrigatoria co obxectivo de formar ao alumnado en valores e actitudes que actúen como factores de protección fronte aos videoxogos e xogo en liña. Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: A que xogas? Como xogas?: Videoxogos e xogo en liña.

Módulo II: Que é o que ves? Que é o que non ves?

- Avatares ocultos e outros
- Fake news e publicidade

Módulo III: Atención: estás fóra de xogo! Uso prexudicial!

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021:

Concello de Cambre

IES David Buján

Participan 62 persoas: 34 alumnos e 28 alumnas de 1º ESO

O número de alumnado que participou neste programa foi de 62 persoas ; 34 alumnos e 28 alumnas ao longo do ano 2021

6.2.2.8 “Fuga de cerebros: drogas”

Neste programa trabállase ao longo de tres sesións de cincuenta minutos cada una delas e dirixidas por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 2º Educación Secundaria Obligatoria co obxectivo de facilitar unhas habilidades de comunicación e un desenvolvemento de autonomía persoal para unha toma de decisión saudables fronte ao consumo de sustancias.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Buscando e encontrando

- Ponte ó día: noticias falsas... tamén sobre as drogas
- Fío case invisible: atópao! A presión dos/as outros/outras

Módulo II: Fuga de cerebros...

- Ti decides: como o fas?
- como dis “non”? un primeiro paso e os seguintes ata o final

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello da Coruña

Centro de Menores Concepción Arenal

Participan 6 persoas: 6 alumnos

CIFP Paseo das Pontes

Participan 38 persoas: 13 alumnos e 25 alumnas de 1ºFPB

CPR Plurilingüe Compañía de María

Participan 91 persoas: 43 alumnos e 48 alumnas de 2ºESO

CPR Plurilingüe Salesiano San Juan Bosco

Participan 59 persoas: 30 alumnos e 29 alumnas de 2ºESO

IES Adormideras

Participan 57 persoas: 20 alumnos e 37 alumnas de 2ºESO

IES Agra del Orzán

Participan 182 persoas: 91 alumnos e 91 alumnas de 2ºESO

IES Elviña

Participan 120 persoas: 64 alumnos e 56 alumnas de 2ºESO

IES Eusebio da Garda

Participan 235 persoas: 111 alumnos e 124 alumnas de 2ºESO

IES Fernando Wirtz

Participan 64 persoas: 28 alumnos e 36 alumnas de 2ºESO

IES Monelos

Participan 55 persoas: 30 alumnos e 25 alumnas de 2ºESO

IES Monte das Moas

Participan 115 persoas: 51 alumnos e 64 alumnas de 2ºESO

IES Rafael Dieste

Participan 98 persoas: 53 alumnos e 45 alumnas de 2ºESO

IES Ramón Menéndez Pidal-Zalaeta

Participan 165 persoas: 73 alumnos e 92 alumnas de 2ºESO

IES Sardiñeira

Participan 68 persoas: 36 alumnos 32 alumnas de 2ºESO

O número de alumnado que participou neste programa foi de 1.353 persoas ; 649 alumnos e 704 alumnas ao longo do ano 2021

6.2.2.9 “O que acarapucha”

É un programa dirixido a xóvenes que cursan Bacharelato e Ciclos Formativos. Desarróllase ao longo de dúas sesións de cincuenta minutos cada unha e de periodicidad semanal. Dirixidas por un mediador o unha mediadora co obxectivo de promover a reflexión e o sentido crítico sobre o disfrute do tempo libre e as consecuencias da conducción e o consumo de alcol e/o outras sustancias.

Desarróllase en varios módulos:

Módulo I: A realidade grupal e persoal

- Relacións persoais. Necesitas “muletas”?
- Condución, ocio e tempo libre, sabes aburrirte?

- A condución, tomas as tuas propias decisións?
- A noite, amigos/as-ligues-sexo?
- Drogas: alcohol, cannabis...

Módulo II: Realidade comunitaria

- Que lles dirías ?

Concello de Oleiros

IES M^a Casares

Participan 9 persoas: 9 alumnos que cursan 1º FPB

O número de alumnado que participou neste programa foi de 9 persoas; 9 alumnos ao longo do ano 2021

6.2.2.10 “Xóvenes, formas de selo”

A través do visionado dunha película e de dúas sesións de intervención na aula de 50 minutos de duración cada unha delas e dirixidas por un/a mediador/a trabállase co alumnado que cursa 3º de Educación Secundaria Obrigatoria para promover unha reflexión e unha actitude crítica acerca das imaxes que se trasladan da mocidade actual fronte ao consumo de drogas.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Un/a mesmo/a e os/as outros/as

- Vexo-Penso- pregúntome

Módulo II: Que respondes?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello de Oleiros

IES Miraflores

Participan 79 persoas: 42 alumnos e 37 alumnas de 3ºESO

IES Neira Vilas

Participan 63 persoas: 40 alumnos e 23 alumnas de 3ºESO

O número de alumnado que participou neste programa foi de 142 persoas ; 82 alumnos e 60 alumnas ao longo do ano 2021

6.3. ÁMBITO XUVENIL.

6.3.1. “Activa”: Formación de Mediadores/as Xuvenís en prevención de trastornos aditivos

É un programa dinámico e práctico dirixido á xuventude de entre 18 e 29 anos. Desenvólvese ao longo de varias sesións cun total de vinte horas dirixidas por un mediador ou mediadora. Ten como obxectivo promover a adopción de estilos saudables de vida e de ocupación do tempo libre da mocidade, favorecendo entre os/as participantes condutas de liderazgo positivo en relación ao non consumo de drogas en grupo e a reducir a conflictividade na rúa derivada do consumo de drogas pola mocidade.

Consta dos seguintes módulos:

Modulo I: Mozos e mozas de hoxe e con Covid-19 (e de onte?)

Modulo II: Drogas e drogodependencias.

- Europa – España – Galicia. Que nos dín os datos?
- Conceptos básicos. Evidencia científica. Alcol e outras drogas

Modulo III: Internet e redes sociais

- Panorama actual
- Comezou como unha broma... xa non o é!

Modulo IV: O/a mediador/a xuvenil e a prevención

- A mediación como proceso. Sentando bases.
- Mediador/a xuvenil: rol e funcións.
- Prevención
 - Factores de protección/factores de risco
 - Estratexias en prevención: individuais e grupais. Técnicas e dinámicas de grupos.

Modulo V: Recursos e direccións de interese

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021:

Concello da Coruña

CIFP Ánxel Casal-Monte Alto

Participan 15 persoas: 3 alumnos e 12 alumnas que cursan 1º e 2º Ciclo de Integración Social

Concello de Cambre

OMIX- Cambre

Participan 10 persoas: 4 alumnos e 6 alumnas

O número de alumnado que participou neste programa foi de 25 persoas; 7 alumnos e 18 alumnas ao longo do ano 2021

6.3.2. “Cambio de sentido”

O programa desenvólvese nas autoescolas ao longo de dúas sesións dirixidas por unha mediadora.

Ten como obxetivos:

- Sensibilizar aos responsables das autoescolas da conveniencia de implementar programas de prevención para mellorar a información do alumnado en relación aos riscos asociados á condución de vehículos baixo os efectos do consumo de alcohol e outras drogas.
- Promover actitudes e condutas máis seguras e responsables na condución de vehículos, baseadas en evitar o consumo de alcohol e outras drogas, no respecto ás taxas de alcoholemias, no uso de cintos de seguridade e en evitar conducir ante o menor síntoma de sono ou cansazo.

Desenvólvese nos seguintes módulos:

Módulo I: Introducción á seguridade viaria, o alcohol e outras drogas, uso do teléfono móbil

- Descrición da situación actual
- A ilusión de invulnerabilidade
- Uso-abuso

Módulo II: Alcohol e condución

- Como actuar ante...

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello da Coruña

Autoescuela Llano

Participan 10 persoas: 9 alumnos e 1 alumna en disposición de obter o permiso de conducir

O número de alumnado que participou neste programa foi de 10 persoas; 9 alumnose 1 alumna ao longo do ano 2021

7. ÁREA DE XESTIÓN DE CONFLITOS

As intervencións dividense en dous ámbitos;

7.1 Ámbito familiar

7.2 Ámbito escolar

7.2.1 Habilidades para a xestión de conflitos

7.2.2 Sensibilización e información sobre a mediación de conflitos

7.2.3. Gestión e mediación de conflictos no ámbito educativo

7.1. ÁMBITO FAMILIAR

Dirixida a asesorar na xestión de conflitos no ámbito familiar abordándose, entre outras, as seguintes cuestións:

- O conflito no seno das relacións familiares.
- A responsabilidade na convivencia.
- As habilidades e recursos para facer fronte a determinadas situacións conflitivas en diferentes momentos da vida: consumo de drogas, violencia familiar, conflitos xeneracionais, etc.

7.2. ÁMBITO ESCOLAR

7.2.1 “Habilidades para a xestión de conflitos

7.2.1.1 “Prevención, abordaxe e xestión de conflitos”

Neste programa ao longo de catro sesións de cincuenta minutos de duración cada unha de elas, dirixidas por un mediador o unha mediadora, traballase co alumnado co obxectivo de favorecer as habilidades e recursos necesarios para xestionar os conflitos de forma constructiva, desde o diálogo e a cooperación.

Componse dos seguintes módulos:

Módulo I: Os conflitos... oportunidades? riscos?

- As diferenzas de xénero, cultura... e os estereotipos, prexuízos, tópicos
- Afrontamento dos conflitos: eu gano-ti ganas?, eu gano-ti perdes?, etc.

Módulo II: Como xestionan os conflitos os teus compañeiros/as?, e ti?

- Comunicaste...
- Pos en marcha a túa creatividade ou pola contra...

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello da Coruña

Centro de menores Concepción Arenal

Participan 6 persoas: 5 alumnos e 1 alumna

CIFP Paseo das Pontes

Participan 18 persoas: 4 alumnos e 14 alumnas de 2ºFPB

CIFP Someso

Participan 42 persoas: 31 alumnos e 11 alumnas de 1º FPB

Colegio San Juan Bosco-Salesianos

Participan 56 persoas: 27 alumnos e 29 alumnas de 3ºESO

CPR Plurilingüe Compañía de María

Participan 89 persoas: 44 alumnos, 43 alumnas 2 2 non binarios de 3º ESO

IES Adormideras

Participan 47 persoas: 17 alumnos e 30 alumnas de 3ºESO

IES Agra del Orzán

Participan 82 persoas: 41 alumnos e 41 alumnas de 3ºESO

IES Elviña

Participan 45 persoas: 21 alumnos e 24 alumnas que cursan 3ºESO

IES Eusebio da Guarda

Participan 117 persoas: 69 alumnos e 48 alumnas que cursan 3ºESO

IES Fernando Wirtz

Participan 51 persoas: 28 alumnos e 23 alumnas que cursan 3ºESO

IES Monelos

Participan 58 persoas: 34 alumnos e 24 alumnas que cursan 3ºESO

IES Rafael Dieste

Participan 172 persoas: 76 alumnos e 96 alumnas que cursan 3ºESO

IES Ramón Menéndez Pidal, Zalaeta

Participan 61 persoas: 24 alumnos e 37 alumnas que cursan 3ºESO

IES Sardiñeira

Participan 59 persoas: 28 alumnos e 31 alumnas que cursan 3ºESO

O número de alumnado que participau neste programa foi de 1062 persoas ;539 alumnos, 521 alumnas e 2 non binarios ao longo do ano 2021

7.2.2. “Sensibilización e información sobre a mediación de conflitos”

7.2.2.1 alumnado

Ao longo dunha sesión de dúas horas de duración, dirixidas por un mediador ou unha mediadora transmítese ao alumnado información e coñecementos básicos sobre a mediación en conflitos no ámbito escolar e a posta en marcha de equipos de mediación nos centros. Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello da Coruña

CIFP Ánxel Casal-MI00onte Alto

Participan 21 persoas: 3 alumnos e 18 alumnas que cursan 1º e 2º Ciclo de Integración Social

El número de alumnado que participan neste programa foi de 21 persoas; 3 alumnos e 18 alumnas ao longo do ano 2021

7.2.3 Xestión e mediación de conflitos no ámbito educativo

7.2.3.1 “profesorado”

Ao longo de catro horas de traballo, distribuídas en dúas sesións de dúas horas cada unha e dirixidas por unha mediadora, trabállase co profesorado co obxectivo de profundar na súa formación sobre as técnicas e recursos utilizados na mediación escolar.

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2021

Concello da Coruña

CIFP Ánxel Casal- Monte Alto

Participan 6 persoas: 6 profesoras

O número de profesorado que participou neste programa foi de 6 ; 6 profesoras ao longo do ano 2021

8. GRÁFICOS

A continuación presentanse os datos dos últimos catro anos relativos ao ámbito escolar e familiar

Gráfico 1: Número de aulas que participan nos programas de prevención




Gráfico 2. Número de alumnos e alumnas que participan nos programas de prevención




Gráfico 3. Número de familias atendidas.





Gráfico 4. Número de citas familiares.



Pódese observar que o número de familias atendidas por primeira vez en 2021 (N=94) é a maior cifra dos últimos anos, do mesmo xeito que o número total de familias atendidas durante o ano (N=241). Respecto as citas, a cifra total (N=1.180) é o segundo maior rexistro do período; tal é o caso tamén das citas individuais, aquelas en as que acode un só membro do grupo familiar (N=970), mentres que o número de citas familiares presenta a maior cifra (N=210) do período considerado. A evolución destes datos mostra un incremento continuado, ao longo dos anos, da actividade asistencial que ADAFAD presta ás familias, o que pode entenderse como un aumento dos conflitos e do sufrimento das mesmas.

Por outra banda, debe terse en conta que a situación de pandemia, que toda a sociedade vimos padecendo desde principios de 2020, incide nese incremento do malestar familiar e tamén na capacidade de dar resposta a todas as demandas de atención. Neste sentido pode entenderse que en 2020 cun número menor de familias atendidas realizábase un maior número de consultas, sobre todo individuais, moitas das cales levaron a cabo a través de videollamada ou por teléfono. En 2021 este tipo de citas representaron o 8,22% do total e o 10% da individuais, mentres que en 2020 (o ano do confinamento) ditas cifras eleváronse ao 36,1% e 42,2%, respectivamente.

9. ÁREA DE FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN

ADAFAD é unha Asociación preocupada pola Formación do seu equipo de traballo e as mediadoras e mediadores que colaboran con ela. Así mesmo da resposta á demanda de profesionais que están interesados/as no traballo con familias.

Ao longo do ano 2021 desenvolvéronse diversas accións dentro do programa de Formación e Investigación.

No **ámbito interno** da Asociación realizouse as distintas sesións de formación:

4-5 e 8 de xaneiro. Curso “Actualización de talleres formativos con G Suite”. Impartida por ieducando

No **ámbito externo** da Asociación realizouse a seguinte Formación:

16-23 de xaneiro. “ A sexuación en Lacán”. Curso de Clínica Psicoanalítica. Instituto do Campo Freudiano. A Coruña

6-20 de febreiro. “O amor na Clínica lacaniana”. Curso de Clínica Psicoanalítica. Instituto do Campo Freudiano. A Coruña

13 de marzo. “ O Imposible na sexualidade feminina”. Curso de Clínica Psicoanalítica. Instituto do Campo Freudiano. A Coruña

10 de abril. “ O Parlêtre ea sexualidade”. Curso de Clínica Psicoanalítica. Instituto do Campo Freudiano. A Coruña

21 de xuño. "Prevención e intervención asistencial en adicción ás TICs en menores e adolescentes" impartido por Antonio Castaños no Ciclo de Masterclass do Máster Universitario en Prevención en Drogodependencias e outras Condutas Adictivas. Universidad de Valencia

23 de xuño. Presentación da Publicación do II premio de ensaio “Aplicacións terapéuticas da arte”. Fundación M.^a José Jove. A Coruña

23 de xuño. “Contextos para o diálogo entre a arte e saúde. A arte como motor de benestar”.Fundación M.^a José Jove. A Coruña

9-16 de outubro “O suxeito”.Curso de Clínica Psicoanalítica. Instituto do Campo Freudiano. A Coruña

13-20 de novembro “As formacións do inconsciente”.Curso de Clínica Psicoanalítica. Instituto do Campo Freudiano. A Coruña

3 de decembro Xornada “Prevención das adiccións”. Facultade de Psicoloxía USC

11-18 de decembro “ O inconsciente de Lacan”.Curso de Clínica Psicoanalítica. Instituto do Campo Freudiano. A Coruña

Adafad Participa:

5 de xullo entrega dos diplomas de asistencia aos participantes do curso de mediadores xuvenís do Concello de Cambre.M.^a José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria. Directora Adafad

30 de setembro “I Xornada sobre Saude Mental e Covid-19 en adultos maiores”.

“Qué nos pasou na pandemia coa ansiedade”.Centro Sociocomunitario de Ferrol.

M.^a José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria. Directora Adafad

10. ÁREA DE RELACIÓNS EXTERNAS

Relacións Externas

- ADAFAD é membro da Unión Española de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente, UNAD.
- Realizáronse diversas reunións con diferentes técnicos e representantes políticos e sociais do Concello da Coruña, Aranga, Cambre, Culleredo e Oleiros.
- Continúa o convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas curriculares de Grao da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, USC.
- Realización de Practicas curriculares no master de Psicoloxía, USC.
- Leváronse a cabo reunións de divulgación e promoción das actividades da Asociación con profesionais de diversas entidades e recursos da provincia da Coruña.

Medios de Comunicación:

23 de maio.“Agareso”. Entrevista a Dña. M^a José Lamas Dopico. Psicóloga sanitaria. Directora Adafad

8 de xullo.“La voz de Galicia” A Coruña. entrevista a Dña. M^a José Lamas Dopico. Psicóloga sanitaria. Directora Adafad.

11. COLABORACIONES

ADAFAD contou durante o ano 2021 coa colaboración de diversos organismos públicos para o desenvolvemento das súas actividades: Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación e Dirección xeral de Asistencia Sanitaria; Deputación Provincial da Coruña; Concellos da Coruña, Aranga, Cambre, Culleredo e Oleiros. Ase mesmo Entidades Privadas como: Fergo Galicia, s.l.